

Santiago de Compostela, .....de ..... de 2018

Nome do destinatario

Posto

Nome da compañía

Dirección

Cidade, estado, país

Código postal

Estimado/a:

Comunícome con vostede aos efectos de presentar o programa “Unha boa Morte para todas”, un proxecto planeado para acompañar un debate sobre a morte que pretende axudar ás persoas (e aos profesionais que as asisten) a conseguir un bo final de vida, con todas as garantías e acorde aos nosos propios valores.

Ao mesmo tempo, abordar coas ferramentas axeitadas o debate sobre a morte que desexariamos e liberar este silencio que xera tanta confusión e sufrimento para quen a vive e quen a acompaña.

Como será do seu coñecemento, na actualidade son moitas as persoas que se atopan en estadios achegados á morte pola súa avanzada idade e outras debido a enfermidades. Moitas delas conviven a cotío con vostedes pola oferta de servizos e a axuda que ofrecen nas súas instalacións. O programa “Unha boa morte para todas” pretende servir de complemento aos seus servizos abordando de xeito profundo o tema da morte, a través da información, orientación, asesoramento e formación ao seu persoal profesional ou mesmo, se fose do seu interese, estes mesmos servizos ou servizos de acompañamento aos propios pacientes ou usuarios.

Con este proxecto pretendemos tamén suscitar a reflexión sobre a morte como unha ferramenta que nos sirva a todas as persoas, tanto aquelas que se atopan preto dela por idade ou enfermidade, como por todas as demais que acompañamos e verémonos, nun longo ou curto periodo, ás súas portas.

A Fundación Eomaia é unha Entidade Prestadora de Servizos Sociais inscrita pola Xunta de Galicia no eido de familia. O proxecto “Unha boa morte para todas” conta co financiamento da Deputación da Coruña e aválanos case unha década de actividade fundacional, desde a súa constitución no ano 2009, e dous anos de implantación do presente programa.

Para que levedos a bo porto melloras sociais, a colaboración entre entidades axuda a completar actuacións imposibles de solucionar illados. Así, a creación de servizos, a divulgación de información e a formación en valores poden ser un camiño directo á consecución de logros para toda a poboación.

Xa que logo, ofrecémoslles:

1. **Servizos de información, orientación e asesoramento** sobre a temática da morte, as ferramentas de que dispoñemos como cidadáns para afrontar o proceso propio ou o das persoas achegadas ou daquelas ás que asistimos, así como os dereitos que nos asisten nesta derradeira etapa da vida. Tamén para afrontar os procesos de dó pola perda de seres queridos.

As temáticas concretas son as seguintes:

- Dereitos sanitarios en xeral e en concreto aqueles que teñan que ver cos procesos achegados á morte.
- Coidados paliativos.
- Documento de Instrucións Previas (DIP)
- Fases do proceso que toda persoa atravesará cando sobrevén a morte. Explicación e detección.
- Recursos dispoñibles para afrontar e paliar o dó.

2. **Formación a medida** sobre as temáticas descritas dirixido ao persoal sanitario ou asistencial do seu centro.

3. **Servizos de acompañamento ou atención individualizada** a persoas que estean a vivir (ou estea achegado) ou seu proceso de final de vida.

O noso obxectivo é crear unha corrente que sosteña a boa morte como unha opción posible para todos/as e que abrangá ao individuo e a súa contorna.

É importante que saiba que elaboramos este proxecto para crear vías directas e resolutivas, sen ningunha pretensión de desprezar ou menosprezar o labor que desenvolven, senón que moi ao contrario, pretendemos potenciar os seus resultados de benestar. Caracterizámonos pola flexibilidade e a capacidade para escoitar cales poden ser as súas necesidades e requerimentos.

Achegamos un folleto informativo sobre a nosa actividade, para que teña unha visión máis claro do programa.

Si está interesada/o en recibir maior información sobre servizos que podemos ofrecerlle, non dubide en comunicarse e con gusto coordinaremos unha entrevista persoal ou telefónica. Se así o solicita, tamén podemos facerlle chegar o proxecto detallado o que lle permitirá apreciar as vantaxes e a conveniencia do mesmo.

Atentamente,

Nome

Información de contacto